



## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS PROVISIONAIS DE PERSOAS APTAS E NON APTAS PARA AS PROBAS DO CELGA 3

Nº expediente: ED114A

De acordo co previsto no artigo décimo primeiro da Resolución do 6 de marzo de 2018, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, no ano 2018 (DOG núm. 51 do 13 de marzo de 2018),

RESOLVO:

Publicar na web **www.lingua.gal** os resultados provisionais das probas para a obtención do Certificado de Lingua Galega 3 (Celga 3).

Para facilitar a súa localización publícanse por orde alfabética de apelidos.

Segundo o establecido no artigo 12.2 da devandita Resolución, as persoas interesadas, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral de Política Lingüística ou ao enderezo de correo electrónico [sxpl.probascelga@xunta.gal](mailto:sxpl.probascelga@xunta.gal), poderán, no prazo de 10 días naturais, solicitar a revisión das probas por parte da Comisión Central de Avaliación, que adoptará a resolución que corresponda e comunicaralles ás persoas interesadas os criterios que determinaron a cualificación obtida.

Os resultados definitivos das probas publicaranse na web **www.lingua.gal**, no prazo máximo de catro meses desde a súa realización.

ANEXO: listaxes por localidade.

Mediante este documento notificaselle aos interesados o contido desta resolución, segundo o esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018

O secretario Xeral de Política Lingüística

Valerín García Gómez

